

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 25 DE MARZO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecinco de Marzo de mil novecientos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 18 de Marzo.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Visto o escrito de Don Felipe Bóveda Parente, veciño de San Cristovo, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na Estrada de Carballeda, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di: "Adxunta copia do plano do Estudio de Detalle en San Cristovo, Travesía a escala 1:500.- O resto do solo non

correspondente á copia do plano que se adxunta e na estrada de Carballada está clasificado como SNU/N.- Solo non urbanizable normal SNU/N ordenanza 6.3.- "6.3.- ORDENANZA SNU/N: SOLO NON URBANIZABLE NORMAL.- 6.3.1.- DEFINICION: Espacio destinado á explotación directa do solo, xa sexa agrícola, forestal, pecuaria, así como á explotación de filóns e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL: Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS: Explotacións agrícolas, pecuarias, forestais; explotacións de filóns petrográficos y mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalacións de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo; campings.- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS: Industrias vinculadas a filóns; industrias illadas; almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos; grande industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.- 6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION: Retranqueo mínimo: frontal, cinco metros a partir da arista exterior da calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros; usos menores (casetas, alpendres, etc., sen límite); outros usos, tres metros.- 6.3.4.2.- CONDICIONS DE PARCELA: parcela mínima: unidade de cultivo.- 6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACIONES: altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores, unha planta ou cinco metros; outros usos, os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas.- REFERENCIA as NN.SS.P..- Ribadavia corresponde á área 2 cunha superficie de 4.000 metros cadrados .- Tramitación do expediente segundo determina o artigo 42 LSG.- Estudio de Detalle San Cristóbal Travesía.- Aliñacións e rasantes as establecidas no plano.- Ordenanzas de aplicación as sinaladas nas súas zonas.- 3.2.2.- Ordenanza U.M. Usos Mixtos. Definición: Espacio de Ordenación aberta, cerrada ou mixta destinado a usos mixtos, de residencia, industrial, comercio e datacións, así como demais usos nucleares asociados a eles.- GRAO A; ámbito territorial: sinalado no plano de aliñacións, rasantes e ordenación; normas de usos, usos admitidos: Residencial: vivenda agrupada (considérase como tal a colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio); Comercial: primeira e segunda categoría; Industrial: en categoría primeira; Dotacional: calquera categoría; Normas de volume: Condicións de posicións: Aliñacións: segundo plano de aliñacións, rasantes e ordenación; Rasantes: as existentes; Posición: entre medianeiras; Condicións de parcelación: parcela mínima, 60 m<sup>2</sup>; fronte mínima, 6 metros; Condicións de edificación, altura máxima, tres plantas (B+2); permítese aproveitamento baixo cuberta; fondo máximo edificable: 12 metros, o patio de parcela poderá cubrirse cunha planta ou 3,50 metros de cornisa; na

planta baixa e soto a ocupación poderá ser do 100% do solar no ámbito de aplicación da Ordenanza.- GRAO B.- Ambito territorial, sinalado no plano de ordenación; normas de uso, usos admitidos: Residencial, vivenda unifamiliar e agrupada (considérase como tal á colectiva, é dicir, máis dunha vivenda por edificio); Comercial: primeira e segunda categoría; Dotacional: calquera categoría; normas de volume, condicións de posición: Aliñacións: as definidas no plano de aliñacións, rasantes e ordenación correspóndense cos cerramentos; posición: illada; unifamiliar: retranqueo, tres metros a tódolos lindeiros; Agrupada e outros usos: retranqueo a cinco metros a tódolos lindeiros; Rasantes: a do terreo natural ou no seu caso a da rúa á que dea fronte e medida a altura en calquera caso no punto medio das súas fachadas.- Condicións de parcelación: Vivenda unifamiliar: parcela mínima, 300 metros cadrados, fronte mínima, doce metros; Vivenda agrupada e outros usos (considéranse coma tales os restantes admitidos); parcela mínima, 500 m<sup>2</sup>; fronte mínima, 20 m<sup>2</sup>; Condicións de edificación: Altura máxima: unifamiliar, dúas plantas (B+1) e sete metros. Agrupada, tres plantas (B+2) e dez metros; permítese o aproveitamento baixo cuberta; ocupación máxima: 50% establecéndose como edificabilidade a resultante da ocupación por altura; edificabilidade 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> en vivenda unifamiliar e 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> noutros usos.- Condicións estéticas: son comúns a ambos graos.- Materiais de fachada, as fachadas serán de pedra do país ou acabos en morteiro monocapa de cores habituais na zona. Prohíbense expresamente os aplacados e azulexos.- Cubertas: serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica plana ou curva, a pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros nos faldóns;Carpintería exterior: empregárase madeira ou aluminio lacado nas cores similares ás existentes na actualidade".

Visto o escrito de Don Antonio Domínguez Mosquera, veciño de San Cristovo, con domicilio na Estrada con domicilio na Estrada do Carballiño, nº 158, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "E de aplicación a ordenanza 6.3 ORDENANZA SNU/N, SOLO NON URBANIZABLE NORMAL.- "6.3.1.- DEFINICION: Espacio destinado á explotación directa do solo, xa sexa agrícola, forestal, pecuaria, así como á explotación de filóns e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotacións

agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de filóns petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalacións de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo; campings.- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industrias vinculadas a filóns; industrias illadas; almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos; grande industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.-6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo mínimo: frontal, cinco metros a partir da arista exterior da calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros; usos menores (casetas, alpendres, etc.) sen límite; outros usos, tres metros.- 6.3.4.2.- CONDICIONS DA PARCELA.- Parcela mínima: unidade de cultivo.- 6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores unha planta ou cinco metros; outros usos os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas". En concurrencia co artigo 24 das NN.SS.P.- O Concello de Ribadavia corresponde á área 2 cunha superficie mínima de parcela edificable de 4.000 m2.- Previo á obtención de licenzia tramitarase ante esta Administración Municipal a obtención da "autorización" segundo sinala o artigo 24 LSG.- A Aliñación frontal respecto á Estrada do Carballiño será a fixada pola COTOP".

Visto o escrito de Don José Meiriño Fernández, veciño de San Cristovo, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello que di: "E de aplicación a ordenanza 6.3 ORDENANZA SNU/N, SOLO NON URBANIZABLE NORMAL.- "6.3.1.- DEFINICION: Espacio destinado á explotación directa do solo, xa sexa agrícola, forestal, pecuaria, así como á explotación de filóns e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotacións agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de filóns petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalacións de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo; campings.- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industrias vinculadas a filóns; industrias illadas; almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos; grande industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.-6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo mínimo: frontal, cinco metros a partir da arista exterior da calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros; usos menores (casetas,

alpendres, etc.) sen límite; outros usos, tres metros.-  
6.3.4.2.- CONDICIONS DA PARCELA.- Parcela mínima: unidade de cultivo.-  
6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores unha planta ou cinco metros; outros usos os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas". En concurrencia co artigo 24 das NN.SS.P..- O Concello de Ribadavia corresponde á área 2 cunha superficie mínima de parcela edificable de 4.000 m2.- Previo á obtención de licenza tramitarase ante esta Administración Municipal a obtención da "autorización" segundo sinala o artigo 24 LSG.- A Aliñación frontal respecto á Estrada do Carballiño será a fixada pola COTOP".

Visto o escrito de Don Miguel Alvarez Amil, veciño de San Cristovo, con domicilio na rúa A Rotea, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita na Estrada do Carballiño do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "E de aplicación a ordenanza 6.3 ORDENANZA SNU/N, SOLO NON URBANIZABLE NORMAL.- "6.3.1..- DEFINICION: Espacio destinado á explotación directa do solo, xa sexa agrícola, forestal, pecuaria, así como á explotación de filóns e extracción de terras, rocas e minerais.- 6.3.2.- AMBITO TERRITORIAL.- Todo o territorio municipal, excepto o calificado como urbano, de reserva urbana ou non urbanizable doutro tipo.- 6.3.3.- NORMAS DE USO.- 6.3.3.1.- USOS PREVISTOS.- Explotacións agrícolas, pecuarias e forestais; explotacións de filóns petrográficos e mineralóxicos; construcións vinculadas ás obras públicas; edificacións e instalacións de utilidade pública ou social; vivendas familiares sen formar núcleo; campings.- 6.3.3.2.- USOS TOLERADOS.- Industrias vinculadas a filóns; industrias illadas; almacéns de produtos insalubres, nocivos, tóxicos ou perigosos; grande industria.- 6.3.4.- NORMAS DE VOLUME.-6.3.4.1.- CONDICIONS DE POSICION.- Retranqueo mínimo: frontal, cinco metros a partir da arista exterior da calzada; lateral posterior: usos de vivenda, tres metros; usos menores (casetas, alpendres, etc.) sin límite; outros usos, tres metros.-  
6.3.4.2.- CONDICIONS DA PARCELA.- Parcela mínima: unidade de cultivo.-  
6.3.4.3.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima: uso de vivenda, dúas plantas ou oito metros; usos menores unha planta ou cinco metros; outros usos os que requira a explotación ou proceso debidamente xustificadas". En concurrencia co artigo 24 das NN.SS.P..- O Concello de Ribadavia corresponde á área 2 cunha superficie mínima de parcela edificable de 4.000 m2.- Previo á obtención de licenza tramitarase ante esta Administración Municipal a obtención da "autorización" segundo

sinala o artigo 24 LSG.- A Aliñación frontal respecto á Estrada do Carballiño será a fixada pola COTOP".

Visto o escrito de Don Antonio Soto Martínez, veciño de Francelos, con domicilio na rúa As Travesas, 63, no que interesa autorización municipal para cambio de cuberta nun inmovible da súa propiedade sito na Estrada de Filgueira, 63, do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos municipais, que di: "Infórmase positivamente o cambio de cuberta segundo as condicións urbanísticas aplicables e que son: Ordenanza 14.2. E.D.: Permítese o aproveitamento baixo cuberta; Cubertas: as cubertas serán inclinadas, sendo o material de cubrición tella cerámica plana ou curva; a pendente máxima será do 45% partindo da liña de cornisa, debendo ser uniforme. Quedan prohibidos os quebros en faldóns.- Con estas condicións poderá modifica-la cuberta debendo solicitar licenzia de obra, adaptándoa ás mesmas".

Visto o escrito da Asociación Comarcal de Taxis do Ribeiro, sobre determinadas irregularidades no cumprimento do servizo que vén acometendo o titular da licenzia de autoturismo nº 16, Don Arsenio González Rodríguez, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda que se abra o correspondente expediente en consonancia co establecido no Regulamento do Servizo Público de Autotaxi deste Concello.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sobre recurso nº 01/0001854/1995 interposto por Don Xoan Pablo Lorenzo Fariña, contra Resolución desta Alcaldía, acordando esta Comisión, por unanimidade, remitir ó devandito Organo copia do expediente completo que se acha nesta Administración Municipal.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

Visto o escrito que contén recurso de reposición presentado por Don José Fernández Alvarez, veciño desta Vila, con domicilio na

rúa Ramón Otero Pedrayo, 23, contra acordo deste mesmo órgano de data 29 de Xaneiro pasado, no que se presta aprobación á liquidación por ocupación de vía pública, por unha ocupación de 8 m<sup>2</sup> á que lle correspondía unha cota de 11.840 pesetas, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, tendo en conta o informe emitido polo técnico municipal, acorda acepta-lo devandito recurso, polo que se practica unha nova liquidación que figura do seguinte xeito: superficie ocupada, 6 m<sup>2</sup>; total días, 148; cota total: 8.880 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó Padrón da taxa de Recolleita do Lixo correspondente o exercicio económico 1996, por un importe total de 12.637.500 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la minuta de honorarios presentada polo profesor do curso de Viticultura, Don José María Martínez Juste, por importe de 804.900 pesetas.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.